



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de ABRIL de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día once de abril de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Días (Resolución do 08/04/2025), o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(243).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de abril de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(244).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS “PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR” EXPTE. 231240/301.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/03/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar social (responsable do contrato), a xefa do Servicio, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de

Goberno de Orzamentos e Facenda e con data 31/03/2025, conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25.08.2022 (Exp. n.º 231240/301), acordou:

“(…) SEGUNDO.- Adxudicar a GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371) o procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) coas seguintes condicións: a) O prezo do contrato é de 2.487.865,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 226.169,59 euros. b) Aporta unha xornada laboral completa anual dun/dunha diplomado/a ou grao en educación social, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 20.09.2022, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.11.2022, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. Tramítase agora no expediente administrativo nº 231240/301 a primeira (1ª) prórroga deste contrato para o período 01.11.2025 – 31.10.2026 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude de data 20.03.2025 ordeando a incoación de expediente administrativo para esta 1ª prórroga (trámite n.º 425).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» (A-78.867.371) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR (PSEAF): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.11.2022 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos que estanse a prestar ós menores e ás súas familias.

III.2.7. A primeira (1ª) prórroga que aquí se propón realizárase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 20.09.2022.

III.2.8. O gasto representado por esta primeira (1ª) prórroga, que é de 829.288,50 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.07 – “Programa socio-educativo e de apoio familiar” dos orzamentos municipais; 138.214,75 € ó exercicio de 2025 (do 01.11.2025 ó 31.12.2025) e 691.073,75 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 31.10.2026). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2026 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizárase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 20.09.2022 polo Concello de Vigo coa entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.», toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.

- c) As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do PSEAF permanecarán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- e) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.11.2025 e ata o 31.10.2026, o contrato de servizos do “Programa Socio-educativo e de apoio familiar” (PSEAF), adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 25.08.2022 á entidade «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.» (A-78.867.371) por un prezo de 2.487.865,50 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 20.09.2022, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 829.288,50 € que representa esta primeira (1ª) prórroga a favor de «GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.07 – “Programa socio-educativo e de apoio familiar” dos orzamentos municipais; correspondendo 138.214,75 € ó exercicio de 2025 (do 01.11.2025 ó 31.12.2025) e 691.073,75 € ó exercicio de 2026 (do 01.01.2026 ó 31.10.2026). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2026 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(245).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 10394/335.

Visto o informe xurídico do 03/04/2025 e o informe de fiscalización do 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025, asinado pola xefa do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

1. Antecedentes

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05 de abril de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividade do programa “Vigo en Festas”.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de maio de 2024, acordou: “Adxudicar a *FLUGE GALICIA, S.L.* o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (10068-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 866.366,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 150.361,10 euros.
- b) Porcentaxe de desconto a aplicar á parte fixa do contrato do 6 %.
- c) Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 6 %.
- d) Incremento dun vixilante uniformado a maiores do esixido na cláusula 6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III.
- e) Incremento de catro caixas de son do Delay.
- f) Incremento do equipo de iluminación en 10 unidades de focos PAR LED e en 6 unidades de cabezas móbiles híbridas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

III. Con data 20/06/2024, o Concelleiro-delegado da Área de Goberno de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil FLUGE GALICIA S.L., contemplándose catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

IV. Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 15/01/2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 15/01/2025, infórmaselle que o Concello de Vigo inicia o procedemento para acordar a correspondente prórroga de UN ano (de 01 de xullo de 2025 ao 30 de xuño de 2026) do contrato de servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”, conforme ao estipulado no devandito contrato.

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requirirá acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé catro (4) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o contrato entrará en vigor o día 01 de xullo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

de 2024 e terá un prazo de duración dun ano, contemplándose catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

Visto o informe favorable do responsable do contrato de data 11/03/2025 (W1259078-5371) queda acreditado que empresa dispón dos medios necesarios para o desenvolvemento do servizo obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos do Servizo de Festas.

4. Prezo anual do contrato:

O prezo total do contrato é de 866.366,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 150.361,10 euros, para a primeira anualidade.

O apartado 4.C das FEC establece respecto ao prazo de execución:

A) PRAZO TOTAL: 1 ano

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: 4 prórrogas dun ano de duración cada unha e polos seguintes importes

	IMPORTE	I.V.E.	TOTAL
PRÓRROGA 1	737.485,39 €	154.871,93 €	892.357,32 €
PRÓRROGA 2	759.609,95 €	159.518,09 €	919.128,04 €
PRÓRROGA 3	782.398,25 €	164.303,63 €	946.701,88 €
PRÓRROGA 4	805.870,20 €	169.232,74 €	975.102,94 €

5. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 01.07.2025 ao 31.12.2025, inclusive)	3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO"	851.264,27 €
2026 (do 01.01.2026 ao 30.06.2026)	3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO"	41.093,05 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 30 de xuño de 2025 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

- Autoriza-la primeira (1ª) prórroga** do expediente de "*contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)*", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xullo de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da entidade, FLUGE GALICIA S.L (B87037883)
- Autorizar e comprometer o gasto** de 892.357,32 €, IVE incluído, que representa esta primeira prórroga anual a favor de FLUGE GALICIA S.L, con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 01.07.2025 ao 31.12.2025, inclusive)	3380.226.0906	851.264,27 €
2026 (do 01.01.2026 ao 30.06.2026)	3380.226.0906	41.093,05 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(246).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE VENTA DE ENTRADAS E CONTROL DE ACCESOS PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 10398/335.

Visto o informe xurídico do 04/04/2025 e o informe de fiscalización do 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

1. Antecedentes

I. A Xunta de Goberno Local, con data do 26 de abril de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do

servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas (10136-335).

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de xuño de 2024, acordou:

“Adxudicar a THE TICKET COMPANY, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 77.056,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.373,51 euros.
- b) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC é do QUINCE POR CENTO (15,00 %)
- c) O incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos é de TRES UNIDADES (3) de lectores PDA.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

III. Con data 15/07/2024, o Concelleira da Área de Goberno de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil THE TICKET COMPANY, S.L, contemplándose catro (4) prórrogas de un (1) ano de duración cada unha.

IV. Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 15/01/2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 15/01/2025, infórmase que o Concello de Vigo inicia o procedemento para acordar a correspondente prórroga de UN ano do contrato do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas”, conforme ao estipulado no devandito contrato.

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatorio para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requerirá acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé catro (4) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o contrato será de 1 ano, contado a partir do día da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

Visto o informe favorable do responsable do contrato de data 11/03/2025 (W1259078-5371) queda acreditado que empresa dispón dos medios necesarios para o desenvolvemento do servizo obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos do Servizo de Festas.

4. Prezo anual do contrato:

O prezo total do contrato é de 77.056,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.373,51 euros, para a primeira anualidade.

O apartado 4.C das FEC establece respecto ao prazo de execución:

A) PRAZO TOTAL: 1 ano

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: 4 prórrogas dun ano de duración cada unha.

5. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO”, polo importe de 77.056,88 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 14 de xullo de 2025 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. **Autoriza-la primeira (1ª) prórroga** do expediente de contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335), por un período de un ano, comprendido entre o 15 de xullo de 2025 ata o 14 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da entidade, THE TICKET COMPANY, S.L (B72639339).
2. **Autorizar e comprometer o gasto** de 77.056,88 € IVE incluído, que representa esta primeira prórroga anual a favor de THE TICKET COMPANY, S.L, con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO”.
3. **Notificar este acordo ao contratista**, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(247).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA ORGANIZACIÓN DOS EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10399/335.

Visto o informe xurídico do 03/04/2025 e o informe de fiscalización do 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

1. Antecedentes

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto aberto e tramitación urxente do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2024, acordou: “Adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 39.515,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.858,14 € euros.

b) O prezo sen IVE da parte fixa do contrato o de 31.088,07 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 6.528,49 euros, o que supón un prezo total do contrato de 37.616,56 euros.

c) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G das FEC é do 9%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

III. Con data 09/07/2024, a Concelleira da Área de Goberno de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil SACAFERRO, S.L, contemplándose catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

IV. Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 15/01/2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 15/01/2025, infórmase que o Concello de Vigo inicia o procedemento para acordar a correspondente prórroga de UN ano (de 10 de xullo de 2025 ao 09 de xullo de 2026) do contrato de servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas, conforme ao estipulado no devandito contrato.

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requereará acordo expreso da Xunta de Goberno



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé catro (4) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo do contrato será dun ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, contemplándose catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos do Servizo de Festas.

4. Prezo anual do contrato:

O prezo total do contrato é de **39.515,96 euros**, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.858,14 euros.

O apartado 4.C das FEC establece respecto ao prazo de execución:

A) PRAZO TOTAL: 1 ano

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: 4 prórrogas dun ano de duración cada unha.

5. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 "ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025	3380.227.0600 "ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS"	31.612,77 €
2026	3380.227.0600 "ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS"	7.903,19 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 09 de xullo de 2025 e conségtase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- 1. Autoriza-la primeira (1ª) prórroga** do expediente de “contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas, por un período de un ano, comprendido entre o 10 de xullo de 2025 ata o 09 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da entidade, SACAFERRO, S.L (B27704980)
- 2. Autorizar e comprometer o gasto** de 39.515,96 €, IVE incluído, que representa esta primeira prórroga anual a favor de SACAFERRO, S.L con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS”, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 10.07.2025 ao 31.12.2025, inclusive)	3380.227.0600	31.612,77 €
2026 (do 01.01.2026 ao 09.07.2026)	3380.227.0600	7.903,19 €

- 3.** Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(248).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS PARA ÁREAS DE CALISTENIA EN TEIXUGUEIRAS, SAMIL E JACINTO BENAVENTE. EXPTE. 51186/446.

Visto o informe xurídico do 1/04/2025 e o informe de fiscalización do 04/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 11 de setembro de 2024, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 12 de setembro de 2024, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS PARA ÁREAS DE CALISTENIA EN TEIXUGUEIRAS, SAMIL E JACINTO BENAVENTE* (expte. 51186/446).
- 2.- En data 8 de novembro de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, a memoria económica (MEC), a cal foi modificada en data 14 de febreiro de 2025.
- 3.- En data 14 de novembro de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite informe favorable sobre a existencia de crédito e, en data 14 de febreiro de 2025, emite documento económico de retención de crédito, RC 12025000014496, por importe de 102.663,49€.
- 4.- En data 19 de novembro de 2024, remítese á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Pontevedra, comunicación relativa ao obxecto do expediente, toda vez que unha das instalacións, atópase dentro do ámbito de protección do xacemento “Marqués de Valterra/Juan Ramón Jiménez”, catalogado co código GA36057086, ben incluído no inventario de xacementos arqueolóxicos de Vigo e no planeamento vixente.
- 5.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 26 de decembro de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

6.- En data 3 de febreiro de 2025, a Directora Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar o subministro e instalación obxecto deste procedemento (doc. 250024541)

7.- A memoria xustificativa (MEX), asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 18 de febreiro de 2025, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, do 20 de febreiro de 2025.

8.- En data 27 de febreiro de 2025, a xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emiten informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

9.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 27 de febreiro de 2025.

10.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 12025000014496).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 26 de xuño de 2024 (BOP Nº 134, de data 10/07/2024) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 12 de setembro de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 84.845,86€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de ***SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS PARA ÁREAS DE CALISTENIA EN TEIXUGUEIRAS, SAMIL E JACINTO BENAVENTE***, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 26 de decembro de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 27 de febreiro de 2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **102.663,49€**, que inclúe un IVE de 17.817,63€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.6190015 “Parques infantís e biosaudables”, do vixente orzamento 2025.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(249).-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO FUNCIONARIO DE CARREIRA CO NIP 294382. EXPTE. 96123/212.
Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8(250).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DAS PRAZAS SUBGRUPO C1- TRIBUNAL 3: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46280/220.

Visto o informe de fiscalización de data 01/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/03/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas de persoal funcionario do grupo C, subgrupo C1 (persoal funcionario):

- 1 praza de Administrativa/o de administración xeral
- 1 praza de mestra/e de formación EMAO, Debuxo artístico.
- 1 praza de mestra/e de formación EMAO, Serigrafía artística.
- 1 praza de mestra/e de formación EMAO, Ourivaría.
- 1 praza de mestra/e de formación EMAO, Moda e confección.

II.- En sesión de data 30/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo acordou:

- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada PROCESO Nº 21- ADMINISTRATIVO/A- Funcionario de Carreira - C1 (Exp. 43774/220), ao candidato PÉREZ FREIRE, M.B. (DNI ***0126**).*
- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no PROCESO Nº 22 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DEBUXO ARTÍSTICO. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- C1 (Exp. 43775/220), ao candidato FERNÁNDEZ ALONSO, F (DNI ***1816**).*
- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no PROCESO Nº 23 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - C1 (Exp. 43776/220), ao candidato PARDO CARTELLE, A.C (DNI ***7332**).*
- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no PROCESO Nº 24 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, OURIVARÍA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - C1 (Expte. 43777/220), ao candidato DE JESÚS FERNÁNDEZ, S.M (DNI ***7121**).*
- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 1 praza convocada no PROCESO*

Nº 25 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, MODA E CONFECCIÓN. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - C1 (Exp. 43778/220), ao candidato GONZÁLEZ PINTOS, E (DNI ***7153**)

-Na mesma proposta inclúese aprobar de conformidade coa base 15ª das Bases Xerais (BOPPO de data 30/12/2022) o listado do persoal que podería ser incluída na formación das bolsas de emprego das distintas prazas que foron executadas no mesmo proceso selectivo, e que serán obxecto de outro procedemento administrativo:

“Os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente.”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal en data 02/01/2025

IV.- Consta no trámite 18 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

V.-Consta informe de verificación segundo o cal constátase a existencia das seguintes vacantes:

“- Posto 105 administrativo/a, dotación 86, en Deportes (611); vinculado á praza administrativo/a admon xeral: Ocupado interinamente en data actual por R Vila Rodríguez con nº de persoal 81577.

O devandito posto administrativo/a figura vinculado a OEP Estabilización na vixente RPT (BOPPO Núm. 183, 19 de setembro de 2024).

- Posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 2, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación: Ocupado interinamente por S M de Jesús Fernández con nº persoal 83192.

- Posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 3, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación: Ocupado interinamente por A C Pardo Cartelle con nº persoal 83187.

- Posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 4, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación: Ocupado interinamente por F Fernández Alonso con nº persoal 83179.

- Posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 5, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación: Ocupado interinamente por E González Pintos con nº persoal 83189.

Os devanditos postos mestre/a formación EMAO figuran vinculados a OEP Estabilización na vixente RPT (BOPPO Núm. 183, 19 de setembro de 2024).”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

I.- Réxime do persoal funcionario; normativa de aplicación

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta mate-

ria, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concreto en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

No presente caso, e vistos os antecedentes se acordarán os seus ceses como funcionarios interinos con carácter previo ao posterior nomeamento como persoal funcionario de carreira.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como funcionarios interinos a:

- R Vila Rodríguez con nº de persoal 81577 no posto 105 administrativo/a, dotación 86, en Deportes (611); vinculado á praza administrativo/a admon xeral.

- S M de Jesús Fernández con nº persoal 83192, no posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 2, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación.

- A C Pardo Cartelle con nº persoal 83187, no posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 3, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación.

- P F Fernández Alonso con nº persoal 83179 no posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 4, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación.

- E González Pintos con nº persoal 83189, no posto 655 mestre/a formación EMAO, dotación 5, en EMAO (613); vinculado á praza mestre/a formación.

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a diversas prazas que foron convocadas polo sistema de concurso-oposición, en execución da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, a:

- *PÉREZ FREIRE, M.B, (DNI ***0126**) na praza convocada PROCESO Nº 21- ADMINISTRATIVO/A- Funcionario de Carreira - C1 (Exp. 43774/220).*
- *FERNÁNDEZ ALONSO, F (DNI ***1816**) na para praza convocada no PROCESO Nº 22 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DEBUXO ARTÍSTICO. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- C1 (Exp. 43775/220).*
- *PARDO CARTELLE, A.C (DNI ***7332**) na praza convocada no PROCESO Nº 23 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - C1 (Exp. 43776/220).*
- *DE JESÚS FERNÁNDEZ, S.M (DNI ***7121**) na praza convocada no PROCESO Nº 24 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, OURIVARÍA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - C1 (Expte. 43777/220).*
- *GONZÁLEZ PINTOS, E (DNI ***7153**) na praza convocada no PROCESO Nº 25 MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, MODA E CONFECCIÓN.*

A toma de posesión do persoal nomeado efectuarase dentro do prazo máximo de un mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

Os ceses acordados nos apartados primeiro do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a toma de posesión das interesadas como funcionarias de carreira.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(251).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (1º FASE). EXPTE. 40095/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

ANTECEDENTES

I.- En data 19/01/2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integrada polas prazas seguintes: sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre) nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa, de conformidade coas bases das convocatorias respectivas, conformando un total de 32 prazas a convocar.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022, nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede, do informe de impacto de xénero emitido e do informe preceptivo de fiscalización previa emitidos, e contidas no **ANEXO I** do presente acordo -apartados A) e B)- do cal forman parte inseparable.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas correspondentes as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 nas categorías de sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); cabo extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre).

CUARTO.- Instar á xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento para que se proceda á realización das actuacións contempladas no fundamento xurídico IV do informe-proposta que antecede.

QUINTO.- Determinar, en execución das previsións do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a obriga dos tribunais e órganos de selección de persoal do Concello de Vigo de velar polo cumprimento do dereito fundamental á igualdade, consonte ao preceptuado no artigo 14 da Constitución Española de 1978 e restante normativa de procedente aplicación.

SEXTO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.”

II.- En data 26/07/2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 (BOPPO núm. 107, do luns 3 de xuño do 2024 e DOG núm. 112, do martes 11 de xuño do 2024) aprobatorio dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integrada polas prazas seguintes: sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre) e da convocatoria e bases rectoras; recursos que se relacionan no antecedente 2 do informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente, nos termos do informe técnico de data 10/07/2024 e do informe-proposta que antecede, os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 (expediente 40.095-220) citados no apartado primeiro do presente acordo, e en consecuencia aprobar a nova redacción das bases xerais rectoras dos procesos selectivos a executar no marco das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2021, 2022 e 2023, así como a convocatoria e as bases específicas rectoras da 1ª fase do proceso de execución, que estará integrada polas prazas seguintes: **sarxenta/o extinción de incendios** (quenda de promoción interna); **bombeira/o** (quenda libre) e **condutor/a-bombeiro/a** (quenda libre) en atención á motivación contida no informe técnico referido, que detalla individualizada e razoadamente a viabilidade de estimación ou desestimación dos recursos presentados, e no propio informe-proposta que antecede, nos termos do **ANEXO I** do presente acordo, o cal parte inseparable do mesmo.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto os apartados do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 no que se opoñan ao presente.

CUARTO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

III.- En data 02/04/2025, dáse traslado á area de Recursos Humanos e Formación do acordo adoptado polo órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de sete (7) prazas de condutor-a bombeiro/a en quenda libre (concurso-oposición), incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 - 1ª fase da convocatoria (boe nº 223 de 14.09.2024), na sesión constitutiva de data 31/03/2025 :



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

“O órgano de selección acorda comunicar a Area de RR.HH a existencia dun erro material na publicación nas bases específicas. En concreto, no apartado VII.- Fase de oposición. Segundo exercicio.- Probas de aptitude física, apartado 2º.1.1.- Proba combinada: trepa de corda e dominadas en barra horizontal, na derradeira fila da táboa de valoración da proba, no apartado M, onde di “1” debe dicir “13”, quedando do seguinte xeito:

	combinada	
	H	M
10	19	13

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Rectificación de erros:

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Detectado o erro referido no punto III dos antecedentes de este informe procede a rectificación do mesmo.

II.-Competencia:

O órgano competente para a aprobación das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O mesmo órgano é competente para a súa rectificación.

En consecuencia, ao abeiro das competencias da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Rectificar, en base aos antecedentes e fundamentos de este informe, o acordo de Xunta de Goberno Local de data 26/07/2024, en concreto as bases específicas de condutor bombeiro, de xeito que:

No apartado VII.- Fase de oposición. Segundo exercicio.- Probas de aptitude física, apartado 2º.1.1.- Proba combinada: trepa de corda e dominadas en barra horizontal, na derradeira fila da táboa de valoración da proba, no apartado M, onde di “1” debe dicir “13”, quedando do seguinte xeito:

	combinada
--	-----------

	H	M
10	19	13

SEGUNDO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(252).- NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS E PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL: OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023. EXPTE. 46304/220.

Visto o informe de fiscalización de data 03/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/04/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 03/09/2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 169) a Orde de 14 de agosto de 2024 pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461C) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461H) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial. Esta convocatoria incluía oito prazas de oficial por promoción interna.

III.- O 11/03/2025 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo (trámite 4 do expte) que indica: *“Así en base á dita resolución, superan o proceso selectivo convocado a través da Ordo do 14 de agosto de 2024 (DOG número 169, do 03/09/2024) no corpo da Policía Local, escala básica, categoría de oficial, do seu concello os seguintes funcionarios:*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***9753**	J.	TOUCEDO ALONSO
***9130**	E.	TOUCEDO GARRIDO
***8285**	I.	RODRÍGUEZ MONTERO
***1550**	B.	SOUTO CALVIÑO
***5350**	D.	SENDÓN VARELA
***3331**	A.	ACUÑA SOLLA
***5369**	A.	DOMÍNGUEZ VEIGA
***3499**	C.	PARDO OTERO

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal: “solicitouse aos interesados a presentación da documentación para o nomeamento como funcionarios/as en prácticas/carreira:

C. Pardo Otero, con nº persoal 84169 (doc. 250057913, 13/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada, título bachiller e diploma superior en criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

D. Sendón Varela, con nº persoal 84310 (doc. 250057926, 13/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de bachiller.

A. Domínguez Veiga, con nº persoal 80598 (doc. 250059384, 17/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de bachiller.

J. Toucedo Alonso, con nº persoal 81921 (doc. 250058970, 17/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de graduado en derecho.

B. Souto Calviño, con nº persoal 84988 (doc. 250066541, 21/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de licenciado en historia da arte.

A. Acuña Solla, con nº persoal 85217 (doc. 250066112, 21/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de bachiller.

E. Toucedo Garrido, con nº persoal 79358 (doc. 250066307, 21/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada, título de graduado en criminoloxía e diploma da AGASP de superación do curso selectivo de formación para o ingreso no corpo da policía local do Concello de Vigo na categoría de oficial da Policía Local.

I. Rodríguez Montero, con nº persoal 80576 (doc. 250067641, 24/03/2025)

Presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada e título de bachiller.”

V.- Consta notificación adicional de sinatura electrónica de 11/03/2025 (trámite 12 do expte) na que a AGASP comunica que no caso do funcionario E. Toucedo Garrido, está dispensado de realizar o curso selectivo de acceso á categoría de oficial por telo cursado previamente, polo que pode ser nomeado directamente funcionario de carreira na categoría de oficial.

VI.- Consta Resolución de data 23/03/2025 pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local - DOG nº 64 de data 02/04/2025 - (trámite 34 do expte).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “*son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente*”, estableciendo que “*en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.*”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

O artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: “Adquisición da relación de servizo”, no seu apartado e) prevé a toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo”

C) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos termos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

II.- Bases da convocatoria

A base 11.2 da Orde de data 14 de agosto de 2024 pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, dispón que:

“11.2. Nombramiento como personal funcionario en prácticas. Una vez acreditada la posesión de los requisitos exigidos, e inmediatamente antes del comienzo del curso selectivo de formación, las personas aspirantes serán nombradas personal funcionario en prácticas en la categoría de oficial, mediante resolución de la correspondiente alcaldía, que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia (BOP).

Las personas así nombradas permanecerán en dicha situación desde el comienzo del curso selectivo hasta que se produzca su nombramiento como persona funcionaria de carrera o su exclusión del proceso.

El curso selectivo de formación será convocado a través de resolución de la Dirección General de la Agasp en la que se indicará la fecha de inicio..

En caso de renuncia, fallecimiento, falta de justificación de los requisitos para el nombramiento, incapacidad absoluta sobrevenida o concurrencia de cualquier otra causa que impida el nombramiento de una persona aspirante como personal funcionario en prácticas o prive de eficacia el nombramiento ya realizado, el ayuntamiento comunicará esta circunstancia a la Dirección General de la Agasp, que sustituirá la persona afectada por la primera que figure en la lista de reserva, siempre con anterioridad al desarrollo del correspondiente curso selectivo de formación.”

O apartado 11.3. relativo ao **curso selectivo de formación**: “Las personas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico en la Agasp como requisito indispensable para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría de oficial, escala básica, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 33.2



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y en los artículos 32 y 56 del Decreto 15/2023, de 12 de enero, de desarrollo de esta ley.

El curso tendrá una duración de 250 horas lectivas y se desarrollará de manera semipresencial en la Agasp y consta de seis módulos: operativo, jurídico, técnico, administrativo, de comunicación y práctico.

Solo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hayan superado con anterioridad en la Agasp. En tal caso, serán nombradas directamente personal funcionario de carrera en la categoría de oficial.

En el caso de la no incorporación al curso o de abandono de este sin finalizarlo, salvo por causas excepcionales, se considerará que la persona aspirante no superó el proceso de acceso por promoción interna.

El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la Agasp, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos alcanzados en el proceso.

A los funcionarios y funcionarias en prácticas les será de aplicación el Reglamento de régimen interior de la Agasp publicado mediante Orden de 4 de febrero de 2009, de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, en el DOG núm. 30, de 12 de febrero, durante el curso de formación y el período de prácticas, y con carácter supletorio, cuando los hechos no constituyan falta en dicho reglamento, les serán de aplicación las normas del régimen disciplinario de la policía local de Galicia recogidas en la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y normativa de desarrollo.

La calificación del curso de formación y del período de prácticas quedará en suspenso ante la concurrencia sobrevenida de cualquier causa de exclusión hasta que no se resuelva el expediente que se incoe.”

O 11/03/2025 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo indicando as persoas designadas para ocupar praza no Concello de Vigo de oficial en prácticas, que son as que figuran no antecedente terceiro de este informe a cal nos remitimos.

Consta igualmente notificación adicional de sinatura electrónica de 11/03/2025 (trámite 12 do expte) na que a AGASP comunica que no caso do funcionario E. Toucedo Garrido, está dispensado de realizar o curso selectivo de acceso á categoría de oficial por telo cursado previamente, polo que pode ser nomeado directamente funcionario de carreira na categoría de oficial.

Por último, consta no expte Resolución de data 23/03/2025 pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local - DOG nº 64 de data 02/04/2025

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data .

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear, en base aos antecedentes e fundamentos de este informe, como **persoal funcionario en prácticas** na categoría de **Oficial (OEP 2023)**, aos aspirantes seguintes:

DNI cifrado

***9753**
***8285**
***1550**
***5350**
***3331**
***5369**
***3499**

NOME

J.
I.
B.
D.
A.
A.
C.

APELIDOS

TOUCEDO ALONSO
RODRÍGUEZ MONTERO
SOUTO CALVIÑO
SENDÓN VARELA
ACUÑA SOLLÁ
DOMÍNGUEZ VEIGA
PARDO OTERO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas como funcionarios en prácticas, deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 11.3 da convocatoria (Orde de 14 de agosto de 2024, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 169 de data 03/09/2024)) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

TERCEIRO.- Nomear, en base aos antecedentes e fundamentos de este informe, como **persoal funcionario de carreira** con cargo á praza vacante de oficial de Policía local, ofertada na Oferta de Emprego público 2023 pola quenda de promoción interna, a:

DNI cifrado

***9130**

NOME

E.

APELIDOS

TOUCEDO GARRIDO

Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario de carreira na dita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- Proceder á publicación na BOPPO e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, xefatura de Policía local, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(253).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL". EXPTE. 2246/441.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

12(254).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGUIMENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 772/441.

Visto o informe xurídico do 03/04/2025 e o informe de fiscalización do 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2025, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o enxeñeiro de camiños, canais e portos (responsable do contrato), a técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 13 de abril de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) o contrato de “servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal” do procedemento aberto, expediente 772/441, por un prezo total de 26.697,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.633,39 euros, representado unha baixa do 28,28 % do orzamento base de licitación.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 27.04.2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, acordou aprobar a 1ª prórroga dun ano de duración do contrato de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque Móbil municipal, formalizado coa entidade mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) polo período comprendido dende o 28.04.2024 ata o 27.04.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición da 2ª prórroga do contrato de “Seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo”, expediente 772/441, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 28.04.2025 ao 27.04.2026, sendo que o prezo anual ascende a un total de TRECE MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (13.348,59 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.316,70 €.

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 “Estudos de seguridade e saúde e dirección”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 28/04/2025 ata o 31/12/2025	1532.227.06.03	9.011,55 €
Do 01/01/2026 ata o 27/04/2026	1532.227.06.03	4.337,04 €
	TOTAL	13.348,59 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do vixente contrato de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo expdte 772/441, formalizado coa entidade mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) polo período comprendido dende o 28.04.2025 ata o 27.04.2026.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo expdte 772/441, formalizado coa entidade mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) por importe de 13.348,59 euros (IVE do 21% engadido), sendo a cota correspondente ao IVE de 2.316,70 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 “Estudos de seguridade e saúde e dirección”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 28/04/2025 ata o 31/12/2025	1532.227.06.03	9.011,55 €
Do 01/01/2026 ata o 27/04/2026	1532.227.06.03	4.337,04 €
	TOTAL	13.348,59 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-admi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

nistrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(255).- PROPOSTA DE REVISIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE, ASI COMO DO PLAN DE ACCIÓN E A REVISIÓN DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PRTR. EXPTE. 1185/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/04/2025, asinado polo xefe da Área de Investimentos, a secretaria de Goberno local e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

En relación as obrigas do Concello de Vigo como entidade xestora de proxectos cofinanciados a través do PRTR, financiado polo Next GenerationEU, a Xunta de Goberno Local na sesión sesión ordinaria do 19 de abril de 2024, acordou:

Primeiro: Dar conta do proceso de revisión da autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co contido da acta da reunión do 18 de marzo de 2024 que se achega neste expediente.

Segundo: Aprobar a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS do Concello de Vigo, que se corresponde co contido da acta do 18 de marzo de 2024 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

Terceiro: Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, os responsables de áreas e servizos, así como

os membros designados para Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, e para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto: Publicar o presente acordo na Intranet municipal, e no Portal de Transparencia municipal, para a difusión no conxunto da organización municipal.

II.- Revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE, - PLAN DE ACCIÓN - MAPA DE RISCOS e o proceso de AUTOAVALIACIÓN requirido pola Orde HFP/1030/2021.

Con data do día 7 de abril de 2025, reúnen-se o Comité Antifraude (anteriormente denominado Comité de Autoavaliación) ao obxecto de desenvolver o proceso de revisión do Plan de Medidas Antifraude (PMA), do “plan de acción”, vinculado o desenvolvemento da avaliación e definición do “mapa de riscos” do Plan Antifraude, así como da revisión do proceso de autoavaliación regulado na orde HFP/1030/2021, aprobados por acordo da XGL do pasado 19/04/2024.

En dita reunión procedese a identificar todos os proxectos e actuacións que se atopan vinculados tanto pola súa execución e xustificación o período anual do ano 2024 ata a data de hoxe (iniciados e en execución) e cofinanciados por Fondos do PRTR-Next Generation_EU, destacando que neste período non se teñen detectado ningún caso de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento no marco dos expedientes relacionados.

Así mesmo procedese a revisión da documentación recibida dende o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana:

- PCI 05. COMUNICACIÓNS BIDIRECCIONAIS EN MATERIA ANTIFRAUDE ENTRE O MITRAMS E AS ENTIDADES EXECUTORAS E INSTRUMENTAIS.
- PCI 08 PREVENCIÓN, DETECCIÓN, CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN DA DOBRE FINANCIAMENTO E INCOMPATIBILIDADE CON AXUDAS DE ESTADO.

De forma xeral estes dous documentos veñen reiterar as obrigas para as entidades executoras (EE) en relación á avaliación dos riscos de fraude en canto os catro riscos (fraude, corrupción, conflito de intereses, dobre financiamento e réxime de axudas do Estado), que afectan a execución do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia co cal se financia do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia de España,

En relación a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE (PMA) e de acordo con todos os antecedentes, procede a identificar as seguintes propostas para a revisión do PMA:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

a.- Modificar a composición do Comité Antifraude do PMA, substituíndo a representación do xefe do servizo de vías e obras, polo xefe da Área de Servizos xerais.

b.- modificando o seguinte parrafo do PMA no punto 7. de acordo co seguinte texto:

O Concello de Vigo aplica procedementos que permiten asegurar en todo momento o pleno respecto á normativa relativa ás Axudas de Estado, así como garantir a ausencia de dobre financiamento, para o cal deberá xustificar obrigatoriamente en cada expediente subvencionado con Fondos do PRTR Next Generation_EU a identificación das fontes de financiamento, así como declaración expresa dos destinatarios/beneficiarios finais na que se manifesta non incorrer en supostos de dobre financiamento nin ter constancia de risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado, de acordo coas obrigas da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

c.- incorporar no apartado 5.4. Persecución do PMA do Concello de Vigo, co obxecto de complementar as actuacións previstas a seguinte:

9.- Trasladar o informe e as evidencias documentais á Dirección Xeral de Organización e Inspección, da Entidade Decisora responsable do proxecto financiado, en relación a existencia de fraude de ser o caso, así como colaborar con ela en calquera requirimento ulterior de información sobre o asunto.

d.- Procede realizar a seguinte actualización no Plan de Acción do MAPA de RISCO do PMA

d.1.- Actualizar no MAPA DE RISCOS o apartado da CREACIÓN DA CANLE DE ALERTAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, pola aprobación e posta en funcionamento do Sistema interno de información do Concello de Vigo como o canle preferente para que as persoas físicas, que obtivesen información nun contexto laboral ou profesional, poidan informar sobre as accións ou omisións previstas no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, isto é, infraccións graves ou moi graves e aquelas incluídas no anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

Enlace:

https://sede.vigo.org/expedientes//tramites/tramite.jsp?id_tramite=886&lang=es

d.2.- Actualizar as referencias de formación, en relación a los compromisos para o desenvolvemento das accións formativas vinculadas os ámbitos de

PMA, debese indicar que os membros do Comité de Integridade Contractual en canto membros, a su vez, do órgano responsable do “Sistema Interno de Información del Ayuntamiento de Vigo” han realizado y superado o curso de “Responsable del Sistema de información sobre Infracciones de Derecho (whistleblowers e canles de denuncia)- Diploma de experto/a universitario da UNED.

En canto a revisión del proceso de Autoavaliación - ORDEN HFP/1030/2021, sometese a revisión o proceso de Autoavaliación - ORDEN HFP/1030/2021, dando conta das actuacións incorporadas no PMA, non se produce ningunha alteración nos apartados do test: “Elementos esenciales”, “Control de gestión”, “Hitos y objetivos”, “Daños medioambientales”, “Conflicto de interés, prevención del fraude y la corrupción”, e “Compatibilidad régimen de ayudas de Estado y evitar doble financiación”, polo cal o resultado do apartado de “Estimación riesgo: Tabla de valoración”, permanece invariable sobre o resultado da última avaliación realizada o pasado 18/03/2024 e aprobado pola XGL en data do 19/04/2024.

Na acta da reunión do comité Antifraude de data 07 de abril de 2024 procédese acordar a aprobación da actualización do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE (PMA) que recollo a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS, así como a revisión do PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PRTR Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, de acordo ao documento que se anexa a dita acta nun documento completo en formato (pdf)

III.- PROPOSTA

Unha vez realizada a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS, así como a revisión do PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021, e de acordo coa acta do “comité Antifraude” para a execución do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE” de data 07 de abril de 2024, procede remitir á Xunta de Goberno para a súa aprobación, a seguinte proposta:

- Primeiro: Dar conta do proceso de revisión da autoavaliación realizado polo Comité Antifraude para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co contido da acta da reunión do 7 de abril de 2024 que se achega neste expediente.
- Segundo: Aprobado a revisión do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE que recolle a actualización do PLAN DE ACCIÓN e o MAPA DE RISCOS do Concello de Vigo, que se corresponde co contido da acta do 7 de abril de 2024 do comité Antifraude para o programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

Terceiro: Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, os responsables de áreas e servizos, así como os membros designados para Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, así como as diversas Entidades Decisoras dos correspondentes departamentos Ministeriais, para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto: Publicar o presente acordo na Intranet municipal, e no Portal de Transparencia municipal, para a difusión no conxunto da organización municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(256).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR”. EXPTE. 10081/336.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 04/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2025, asinado pola técnica de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL)

1. ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo: “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS

SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR". EXPTE. 9643/336.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA "VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR. EXPTE. 9643/336 a

1.- **DANIELA ALVITE WAISMAN** (44.844.142-F) os **lotes 1 e 7**.

1.1.- Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia

- O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.

1.2.- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.

2.- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.** (B-27.774.843) o **lote 2 "Campamento verán 2. Berbés"**

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.

3.- **ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ** (34.904.364-R) os **lotes 3, 8 e 11**.

3.1.- Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.2.- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.3.- Lote 11. Campamento verán 11. CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

4.- **TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.** (B-27.753.573) o **lote 5 "Campamento verán 5. NÁUTICO 1"**

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.

5.- **SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.** (B-94.011.665) os **lotes 6, 9 e 12**

5.1.- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2

- O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.

5.2.- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico

- O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.

5.3.- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas

- O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

6.- UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os lotes 10 e 13

6.1.-- Lote 10

- O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.

6.2.- Lote 13

- O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.

7.- KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 "Campamento verán 4. Pavillón de Coia"

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros."

Terceiro:- O 16 de xuño de 2023 foron asinados os respectivos contratos, que en relación co prazo de duración establecen na cláusula 4ª que terán un prazo de duración de 1 ano, contado a partir do 26 de xuño de 2023, así como a posibilidade de 3 prórrogas de un ano de duración cada unha.

Cuarto.- O apartado 4.A das FEC, establece un prazo de duración do contrato de un ano, prevendo no apartado B (PRAZOS PARCIAIS) que o período de execución do contrato sexa asignado a cada un dos lotes adxudicados, axustados á duración de cada lote en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato, e no apartado C (PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN) a posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha"

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **15 de marzo de 2024**, aprobou a 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA "VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR".EXPTE. 9861/336.

Sexto.- O importe do contrato para o período da 2ª prórroga (Expte 10081-336) ascende a **486.751,20€**, sendo o iva do 10% de **44.250,11€** . O importe quedará así desagregado por lotes:

LOTES	Prezo por lote SEN IVE	IVE (10%)	Total Lote CON IVE
LOTE 1	26.003,64€	2.600,36€	28.604,00 €
LOTE 2	27.177,28€	2.717,73€	29.895,01 €
LOTE 3	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €

LOTE 4	39.305,71€	3.930,57€	43.236,28€
LOTE 5	49.048,10€	4.904,81€	53.952,91 €
LOTE 6	29.280,00€	2.928,00€	32.208,00€
LOTE 7	34.486,36€	3.448,64€	37.935,00€
LOTE 8	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €
LOTE 9	33.020,00€	3.302,00€	36.322,00€
LOTE 10	30.500,00€	3.050,00€	33.550,00 €
LOTE 11	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €
LOTE 12	49.880,00€	4.988,00€	54.868,00€
LOTE 13	35.000,00€	3.500,00€	38.500,00€
TOTAIS	442.501,09€	44.250,11€	486.751,20€

Sétimo.- Os/as adxudicatarios/as achegaron por rexistro de entrada na sede electrónica escritos amosando a súa conformidade coa 2ª prorroga do contrato, que constan incorporados ao expediente:

1. o 8 de xaneiro de 2025 LORENA REBOREDO DÍAZ con DNI: 36132579Q, en nome e representación da mercantil **KOREMI REHABILITACION SL** con CIF: B36898005, (nº W1231408-9787) presta a súa conformidade a segunda prorroga do lote 4.

2. o 11 de xaneiro de 2025, Xosé Antón Fernández Rojo, con DNI 36080908A, en nome e representación da mercantil **UTE XERMOLO-CERQUIÑO 2** con CIF: U13918826 (W1232799-9610), presta a súa conformidade a segunda prorroga dos lotes 10 e 13.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

3. o 9 de xaneiro de 2025, JOSE ANTONIO LOPEZ ALVARELLOS, con DNI: 76818879-Y, en nome e representación da mercantil **SUPERNOVA ASISTENCIAS SL** con CIF: B94011665, (W1231859-3845) presta a súa conformidade a segunda prórroga dos lotes 6, 9 e 12.

4. o 9 de xaneiro de 2025 **Elisa Estévez Rodríguez**, con DNI 34904364R, en nome e representación da mercantil ACADEMIA ELISA con CIF: 34904364R, (W1231897-192) presta a súa conformidade a segunda prórroga dos lotes 3, 8 e 11.

5. o 7 de xaneiro de 2025 Rubén Martínez Novo, con DNI 36125751L en representación da entidade **Tierra y Mar Multiaventura SLU** con CIF B-27753573 (W1231163-8843) presta a súa conformidade a segunda prórroga do lote 5.

6. o 13 de xaneiro de 2025 **Daniela Alvite Waisman**, con DNI 44844142F, W1051597-6324 en representación da entidade Imaxina servizos educativos e CIF 44844142F (W1233085-2102) presta a súa conformidade a segunda prórroga dos lotes 1 e 7.

7. o 22 de xaneiro de 2025 Manuel Feijoo Rial, con DNI 76996867-C en representación da entidade **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA** y CIF B-27774843, W1056548-5003 (W1237373-6465) presta a súa conformidade a segunda prórroga do lote 2.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Segundo.- Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas**, na **cláusula 7, apdo 3**, "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses."

No apartado 4 das FEC, establécese que o prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase tres (3) prórrogas dun (1) ano cada unha. E, en canto aos períodos de execución, serán asignados a cada un dos lotes adxudicados, axustados os prazos á duración de cada lote en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato.

A data de sinatura dos contratos foi o 16 de xuño de 2023, establecendo na cláusula 4ª un prazo de duración dun ano contado a partir do 26 de xuño de 2023, e a posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por **segundo ano** a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (EXPTE. 9643/336), sen introducir variación nos termos contratados - agás a adaptación necesaria das datas das quendas que varían anualmente e que deben adecuarse para poder organizar as 5 quendas de campamentos- polo período dun ano contado dende o 26 de xuño de 2025 e ata o 25 de xuño de 2026 e, toda vez que os traballos durante o primeiro ano e a 1ª prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

Cuarto.- O período da 2ª prórroga do contrato comporta un prezo anual que ascende a un total de **486.751,20€**, sendo o 10% de **44.250,11€**, con cargo á partida orzamentaria **3370.2279912. Campamentos do verán** por importe de 300.000€ e de 186.751,20€ que serán con cargo ao Proxecto 24337001.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe, en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

“PRIMEIRO.- Aprobar a **segunda prórroga** do contrato de SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR. **(exppte 10081-336)**, polo período dun ano, dende o 26 de xuño de 2025 e ata o 25 de xuño de 2026 para os seguintes lotes:

1.- **DANIELA ALVITE WAISMAN** (44.844.142-F) os **lotes 1 e 7**.

1.1.- Lote 1 Campamento verán 1. Alcobre e praia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

- O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.

1.2.- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.

2.- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.** (B-27.774.843) o **lote 2 “Campamento verán 2. Berbés”**

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.

3.- **ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ** (34.904.364-R) os **lotes 3, 8 e 11.**

3.1.- Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.2.- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.3.- Lote 11. Campamento verán 11.CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

4.- **TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.** (B-27.753.573) o **lote 5 “Campamento verán 5. NÁUTICO 1”**

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.

5.- **SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.** (B-94.011.665) os **lotes 6, 9 e 12**

5.1.- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2

- O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.

5.2.- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico

- O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.

5.3.- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas

- O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.

6.- **UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA** (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os **lotes 10 e 13**

➤ 6.1.- Lote 10

- O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.

➤ 6.2.- Lote 13

- O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.

7.- **KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 “Campamento verán 4. Pavillón de Coia”**

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de **486.751,20€** de catrocentos oitenta e seis mil setecentos cincuenta e un con vinte euros, IVE incluído, e que corresponde a 2ª **prórroga da CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (10081-336)**, con cargo á partida orzamentaria **3370.2279912. Campamentos do verán** por importe de 300.000€ e de 186.751,20€ que serán con cargo ao Proxecto 24337001, distribuídos do seguinte xeito:

a) Con cargo á partida 3370.2279912 Campamentos do verán:

- LOTE 1: 28.604,00€
- LOTE 2: 29.895,01€
- LOTE 3: 32.560,00€
- LOTE 4: 43.236,28€
- LOTE 5: 14.931,91€
- LOTE 6: 32.208,00€
- LOTE 7: 37.935,00€
- LOTE 9: 36.322,00€
- LOTE 12: 54.868,00€
- Total: 310.560,20€

b) Con cargo ao Proxecto 24337001:

- LOTE 5: 39.021,00€
- LOTE 13: 22.170,00€
- Total: 61.191,00€

c) / Con cargo a Remanentes do ano 2024 /Proxecto 24337001 /(REM 12025000018904):

- LOTE 10: 33.550,00€
- LOTE 8: 32.560,00€
- LOTE 11: 32.560,00€
- LOTE 13: 16.330,00 €
- Total: 115.000,00€

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás empresas contratistas nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do 0.0.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

"Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Resolución de recurso de reposición interposto por RYANAIR DAC contra acordo da Xunta de Goberno local de imposición de penalidades por incumprimento do contrato de promoción turística do destino Vigo. Expte. 8712/104.

.- Proxecto de convenio de colaboración coa Diocese de Tui-Vigo con motivo da celebración Semana Santa de Vigo 2025. Expte. 2372/150.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(257).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR RYANAIR DAC CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO. EXPTE. 8712/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 08/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por resolución da Xunta de Goberno Local de 31.01.2025 acordouse:

“PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións primeira e segunda presentadas con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a alegación terceira presentada con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC, respecto á redución da sanción na porcentaxe que os pregos asignan á puntuación por accións de promoción (45%), pero non no referente á reparación do dano.

TERCEIRO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 1.161% do prezo do contrato, que ascende a 17.414,2478 €, polo incumprimento dos compromisos ofertados como adxudicataria na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato:

Non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024

Estes incumprimentos están tipificados como incumprimentos moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

CUARTO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

QUINTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

(...).”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Examinado o contido do recurso e a normativa de aplicación se desprende:

- Que o recurso de reposición interpúxose dentro do prazo dun mes que establece o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e reúne os requisitos esixidos no artigo 115 do mesmo corpo legal, polo que debe admitirse a trámite.

- Que o recurrente reitera no recurso o xa alegado nas alegacións presentadas núm. R20240094137, de 05.11.2024, respecto ao retraso na entrega das aeronaves e as medidas adoptadas pola empresa para compensar a redución de frecuencias e insiste novamente na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

redución da penalidade imposta, redución que xa foi solicita nas alegacións presentadas en fase de audiencia e estimada parcialmente.

- Que ao non engadir nada, deben terse por reproducidos os argumentos xurídicos contidos no informe emitido o 29.01.2025 e no conformado o 30.01.2025, e contidos na resolución recorrida.

- Que corresponde resolver o recurso de reposición interposto á Xunta de Goberno Local, ao ser este órgano o que ditou a resolución impugnada, ao estar así establecido no acordo de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local *“os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local”* (resolución de alcaldía de 20.06.2023).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Por todo o exposto e sen prexuízo do informe da asesoría xurídica propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente o recurso de reposición interposto por Ryanair DAC con rexistro de entrada núm. R20250024586, de 11 de marzo.

SEGUNDO.- Notificar o acordo a Ryanair DAC indicando que contra o mesmo, en aplicación do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(258).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN SEMANA SANTA DE VIGO 2025. EXPTE. 2372/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vistos os informes xurídicos do 1/04/2025 e 10/04/2025 e o informe de fiscalización do 10/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/04/2025, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En virtude das resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, modificadas en data 28/06/2024 e 09/07/2024, delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica* sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Con data 15/03/2024 asinouse convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas desenvolveranse a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 6/02/2025 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo acordou iniciar a tramitación da subvención directa para financiar as actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa 2025.

En data 13/03/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250057000, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento das actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa 2025, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación. Con data 09/04/2025 achega memoria das actividades a realizar asinada dixitalmente.

O convenio instrumenta unha subvención que deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e coa normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No expediente, no trámite 31, anéxase a autorización da imputación do gasto por importe de 37.000,00 € (trinta e sete mil euros), á aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo Festividade Cristo e Semana Santa), asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía co conforme da concelleira de Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Semana Santa e na súa importancia dentro das programación das procesións destas datas, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, e ás que acoden un gran número de persoas.

A concesión da subvención directa instrúntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo (Anexo I)

SEGUNDO.- Aprobado e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **36.750 € (IVE incluído)** con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo Festividade Cristo e Semana Santa) do presuposto municipal 2025.**

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, xxxxx de xxxxxx de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de data 9 de xullo de 2024 (BOP nº 141 de data 19/07/2024).

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”.

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 6 de febreiro de 2025 a proposta da Diocese de Tui - Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas ca celebración da Semana Santa.

VI.- As procesións de Semana Santa celébranse en Vigo desde tempos inmemoriais, tanto na zona centro da cidade como nas diferentes parroquias existentes no termo municipal , contando co apoio da cidadanía así como do Excmo. Concello de Vigo.

VII.- Que no presuposto do Concello consta a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese

- a) Conceder directamente unha subvención por importe de **36.750 € (IVE incluído)** con cargo a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) co obxecto de

coadxudar ao financiamento das actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas no programa presentado a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.
- f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias
- g) Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo. Así como a retirada de mobiliario urbano nas rúas que recorren as distintas procesións.
- h) Autorizar o uso do dominio público

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...
- d) Dispoñer dun Plan de Autoprotección, se fose necesario, que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións sanitarias que deriven do mesmo e adoptar todas as medidas preventivas precisas.
- e) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/0 de UMAS Mutua de Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento;
- f) Xestionar os medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- h) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo en todos os elementos de difusión da actividade subvencionada.
- i) Comunicar á Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios na programación, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- j) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a **36.750 euros (IVE incluído).**

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **36.750 euros (IVE incluído)** equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de novembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a **declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.**

Así mesmo, achegarán os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria A Banca da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo. O instructor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítase a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar aparte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1881/1102

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

17(259).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez